



Carlos Carrión

Presidente
Vitivinícola Arousana, SCG. Paco&Lola

 // Sector Vitivinícola	 // Localización Meis
 // Ano de constitución 2005	 // N° empregados 23

// Descrición da empresa


Adega constituída por unha iniciativa dun grupo de viticultores e produtores de viño da comarca do Salnés, que decidiron profesionalizar a súa produción. Esta cooperativa denomínase Sociedade Cooperativa Vitivinícola Arousá e actualmente está constituída por máis de 400 socios, o que a converte na cooperativa máis importante por número de socios da D.O. Rías Baixas. Trátase dunha adega nova e moderna, comprometida cunha forma de facer e experimentar o viño diferente, coñecida en todo o mundo pola súa imaxe divertida e sofisticada: a botella de lunares. Conta con 200 hectáreas de viñado propio repartidas en máis de 1800 parcelas, características do minifundio galego e localizadas na súa totalidade na subzona do val do Salnés.

"O Servizo Re-acciona foi determinante para coñecer en que liñas de negocio tiñamos que continuar "

Carlos Carrión. Presidente de Paco&Lola

O servizo solicitouse porque detectaron a necesidade de marcar a súa singradura para os vindeiros catro anos e para iso había que elaborar un plan de futuro e determinar en cales puntos centrarse e cales descartar ou pospoñer para un medio-longo prazo. Aínda que a adega tiña marcado, a grandes trazos, ese camiño, era preciso validalo, depuralo e afinalo. E nesta tarefa era necesario contar cunha visión externa. Así, co axente colaborador perfilaron e delimitaron obxectivos e fixéronos máis concretos, para así evitar a dispersión ou o destino de recursos, tanto humanos como económicos, a procesos e tarefas que podían non dar un resultado desexado. Dende un primeiro momento comezouse traballando en equipo con todo o persoal, para logo ir delimitando as áreas con peso na adega que teñen implicación directa na obtención de resultados.





// O resultado

Un dos resultados máis claros foi cambiar a tendencia en relación coa obtención de beneficios, ao pasar estes de negativos a positivos. O segundo foi unha asunción, neste caso pola parte comercial, das necesidades de cambio que precisaba a adega para pasar a ser rendible e interiorizalo como unha filosofía de traballo.

Grazas ao programa Re-acciona puido delimitarse e acoutarse a cantidade inxente de ideas, para centrarse nas que a medio-curto prazo tiñan un resultado máis visible e determinante para cambiar a tendencia da empresa, de cara a conseguir o obxectivo desexado: mellorar a súa situación económica.

"Grazas á integración do axente colaborador, neste caso, no noso quefacer diario, fomos quen de axudar a acelerar un proceso que por nós sós tería levado moito máis tempo e sen obter os resultados desexados"

Carlos Carrión
Presidente de Paco&Lola



// Web
www.pacolola.com



// Vídeo
Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.



XUNTA
DE GALICIA



galicia